

CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA

EXPLO  
RAR



# ▶ ATARDECER NO GAIÁS

*Programa*

▶ 5 XULL

▼  
8 SET



## ATARDECER NO GAIÁS | PROGRAMA | Todos os concertos son ás 21.00 h

### Xullo

5

**ACTUACIÓN  
SORPRESA**

6

**LAS KELLIES**

Pop Rock

7

**SANTA RITA**

Rock

12

**ORQUESTA DE  
CÁMARA GALEGA**

Clásica

13

**ATLÁNTICA  
VAPORA  
ORQUESTRA  
(AVO)**

Música popular urbana

14

**NIÑO BURBUJA**

Pop

19

**2US**

Jazz-electro

20

**MARÍA SALGADO**

Tradicional

26

**AL-MADAR**

Funk, jazz e música árabe

27

**REPÚBLICA DISCO  
APOCALIPSO**

Dj/Vj

28

**ORQUESTA DE  
CÁMARA GALEGA**

Clásica

### Agosto

2

**CYNTHIA UCERO  
"LA CANIJA" E  
RICARDO ESPADA**

Flamenco

3

**SIMONE WHITE**

Folk Pop

4

**XARDÍN  
DESORDENADO**

Música e Poesía

9

**COLECTIVO  
ORUGA**

Electrónica Rock

10

**ORQUESTA DE  
CÁMARA GALEGA**

Clásica

11

**EXSONVALDES**

Pop

16

**LITORAL**

Folk pop mediterráneo

17

**HOLA A TODO EL  
MUNDO**

Indie pop

18

**FON ROMÁN**

Pop

23

**ORQUESTA DE  
CÁMARA GALEGA**

Clásica

30

**THE ALLNIGHT  
WORKERS**

Rhythm and Blues

31

**ORQUESTA DE  
CÁMARA GALEGA**

Clásica

### Setembro

1

**ESCUCHANDO  
ELEFANTES**

Folk Rock

6

**GAZZFUNKDATION**

Jazz-Funk

7

**ORQUESTA DE  
CÁMARA GALEGA**

Clásica

8

**CLAUSURA DO  
CICLO: ACTUACIÓN  
SORPRESA**



## ATARDECER NO GAIÁS | PROGRAMA | Todos os concertos son ás 21.00 h

5 XULL

ACTUACIÓN  
SORPRESA

6 XUL

LAS KELLIES

Pop Rock

Desde Bos Aires chegan Las Kellies, unhas mozas políglotas que buscan divertirse e divertir nos seus directos. Cancións sinxelas que mesturan garage, post punk, cumbia e dub, dan como resultado un rock cru e á vez picante, bailable e apegadizo, aderezado coa graza e o descaro que demostran estas mozas sobre o escenario.



7 XUL

SANTA RITA

Rock

Grupo de rock experimental e intuitivo; un cóctel de hormonas musicais revolucionadas na procura de fieis devotos da diversión. Hai xa catro anos que este grupo feminino de garage rock deu os seus primeiros pasos nunha sala do Poblenou de Barcelona. Desde entón, este cuarteto foi evolucionando a base de intuición e de personalidade propia.



12 XUL

ORQUESTA DE  
CÁMARA GALEGA

Clásica

*Atardecer Ruso:* Tchaikovsky, Kalinikov, Rachmaninov y Rakov. A Orquesta de Cámara Galega propón seis atardeceres exploratorios por diferentes tradicións musicais.

28 XUL

*Atardecer Brasileiro.* Gómes, Aguiar, Nepomuceno e Villalobos.



13 XUL

ATLÁNTICA VAPORA  
ORQUESTRA (AVO)

Música popular urbana

AVO é a evolución natural do Combo Mariñeiro de Vilaxoán, enraizado na zona de Arousa. AVO é unha orquestra de música popular urbana como as de tango arxentinas ou as danzoneras cubanas, formacións de estética contemporánea con repertorio e instrumentos tradicionais. O seu repertorio inclúe habaneras, polkas, cantigas, foliadas, mazurcas...



14 XUL

NIÑO BURBUJA

Pop

Niño Burbuja é un grupo de indie-electrónica de Madrid que vén ao Gaiás a presentarnos o resultado do seu último ano de traballo. Un total de 10 cancións que convidan a bailar, cun son orgánico, dinámico e cheo de matices, e cunha aposta decidida polas letras en castelán e un potente e atrevido directo.



19 XUL

2US

Jazz electro

A música de 2uS é para escoitar, sentir e deixarse levar ata as vodas de Bulgaria, as romarías de Galicia, os poboados de África, as praias de Brasil ou os clubs de Chicago. Espontánea e feliz; plural e rueira, pero sempre coa identidade destes instrumentistas de infinito gusto polo diferente.



20 XUL

MARÍA SALGADO

Tradicional

María Salgado, poeta *low-tech* de Madrid, vén de publicar o seu primeiro libro de poemas: "ready". O seu proxecto de indagación poética concíbese a partir de tres eixos fundamentais: a crítica, a creación e a activación de espazos de edición, experimentación e intercambio, como o proxecto Contrabando.




26 XUL

AL-MADAR

Funk, jazz e música árabe

Al-Madar, ou "circunferencia" en árabe, recolle a xeografía e o tempo de tres mil anos de tradición multicultural na música árabe e esténdea ao ritmo actual do funk, do jazz e do soul. Os sons envolven ao oínte entre as evocacións á música antiga árabe e os ritmos dos barrios neoiroquinos.



27 XUL

REPÚBLICA DISCO  
APOCALIPSO

Dj/Vj

República Disco Apocalipso é un proxecto aberto, en proceso de adaptación constante, que experimenta coa electrónica de baile máis amable como lenzo onde se reflicten sons sintéticos e samplers de arquivos sonoros do cine, da radio e da televisión, mesturados con proxeccións de imaxes e texturas manipuladas en tempo real.




2 AGO

CYNTHIA UCERO  
"LA CANIJA" E  
RICARDO ESPADA

Flamenco

O son madurecido da voz de Cynthia Uceró "La Canija" e o toque contemporáneo da guitarra de Ricardo Espada dan corpo a este recital flamenco. A nova cantaora madrileña e o guitarrista e compositor sevillano pretenden amosar o cante e toque flamenco, desde a perspectiva máis pura á máis moderna, pero sen que perda a súa esencia.



3 AGO

SIMONE WHITE

Folk Pop

Simone White non é unha cantautora máis. Avalada por Damon Albarn (Blur, Gorillaz), a artista de Hawai, afincada nos Ángeles, desputa co seu exquisito folk pop no cada vez máis competitivo mundo das cantautoras norteamericanas. Din dela que está á altura de Alela Diane ou Joan As Police Woman.



## ATARDECER NO GAIÁS | PROGRAMA | Todos os concertos son ás 21.00 h



### 4 AGO

#### XARDÍN DESORDENADO

Música e Poesía

No outono de 2008, estes músicos de Vigo decidiron percorrer librerías e bibliotecas na procura de palabras para musicalizar. A selección non obedeceu a criterios cronolóxicos, estilísticos ou temáticos, senón á inspiración, ou provocación, que producían nelas. No seu primeiro traballo discográfico musicalizan textos de poetas galegos co bolero, o swing ou o blues.



### 9 AGO

#### COLECTIVO ORUGA

Electrónica Rock

Electrónicos, eléctricos, ecléticos, luminosos, lisérxicos, delirantes e deliciosos. Así é Colectivo Oruga, un grupo que combina bases electrónicas, guitarras e sintetizadores en amables estridencias sonoras. A parte visual é tamén unha parte fundamental, tanto nos seus vídeos oficiais como nos seus experimentos en redes sociais e, por suposto, en directo.



### 10 AGO

#### ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA

Clásica

*Atardecer Galego.*  
Montes, Groba, Barja e Gaos

### 23 AGO

*Atardecer Italiano.*  
Respighi, Marcello, Puccini e Geminiani.

### 31 AGO

*Atardecer Escandinavo.*  
Halvorsen, Grieg, Nielsen e Sibelius



### 11 AGO

#### EXSONVALDES

Pop

Exsonvaldes é un grupo parisino de pop rock, do máis efervescente e bailable da escena francesa, que recolle a melancolía de Radiohead para envolverla nun halo de euforia que recorda os inicios dos belgas dEUS ou dos británicos Bloc Party.



### 16 AGO

#### LITORAL

Folk pop mediterráneo

Cancións cargadas de nostalxia que evocan o mellor do Mediterráneo. Esta é a carta de presentación de Litoral, o sexteto afincado en Madrid que nace da necesidade de compoñer entre un grupo de amigos no que destaca o guitarrista de La Habitación Roja, Pau Roca, con Iván Cuevas levando a voz cantante. Folk mediterráneo en catalán que canta o que se perde e incluso o que nunca se tivo.



### 17 AGO

#### HOLA A TODO EL MUNDO

Indie pop

A xolda chega ao Gaiás da man de Hola a todo el mundo e os seus ecos folk. Convertido nun dos grupos de referencia con máis futuro do panorama musical folk-pop español con tan só dous discos, Hola a todo el mundo mesturará algún dos seus temas con novos cambios cambios, versión e algunha que outra sorpresa con avance do seu próximo LP, *Ultravioleta catastrophe*.



### 18 AGO

#### FON ROMÁN

Pop

Músico e autor de referencia no panorama pop rock galego e español, Fon Román foi guitarrista e compositor da influente banda viguesa Los Piratas. Tras a disolución do grupo, en 2006 comezou a súa carreira en solitario, experimentando mesturas artísticas en cancións nas que non é posible distinguir onde remata a poesía e empeza o pop.




### 30 AGO

#### THE ALLNIGHT WORKERS

Rhythm and Blues

Esta banda con base en Meaño (Pontevedra) exterioriza as súas influencias do máis profundo do R&B en directos divertidos, elegantes e salvaxes. Nas súas actuacións abrazan o R&B, o swing, o jazz máis cool, o estilo crooner e toda a música afroamericana xurdida entre a década dos anos 20 e 60 do século XX, nos que se inspira o seu repertorio de colleita propia.



### 1 SET

#### ESCUCHANDO ELEFANTES

Folk Rock

Para Carlos e Silvia – dous coruñeses que crearon escoitando a Bob Dylan e The Band, entre outros grandes do folk e do rock –, un músico non é tal si non tocou na rúa. Tras percorrer Europa para interpretar os seus propios temas e versións nas rúas de varias cidades, volveron para presentar as cancións xurdidas nese proceso, incluídas no disco “Show & Tell”.



### 6 SET

#### GAZZFUNKDATION

Jazz-Funk

Enérxica e elegante fusión jazz-funk chea de frescura e sabor urbano. O colectivo galego GazzFunkdation é un punto de encontro aberto á colaboración con outros músicos, poetas, bailaríns, MC's, Dj's... No Gaiás compartirán escenario coa polifacética escritora Iolanda Zúñiga e dous dos máximos valores do soul e do hip-hop galegos, Wöyza e O Puto Coke.



### 7 SET

#### ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA

Clásica

*Aterdecer Inglés.*  
Walton, Elgar, Britten e Warlock.

### 8 SET

#### CLAUSURA DO CICLO: ACTUACIÓN SORPRESA



The background of the entire page is a photograph of a sunset over the sea. In the foreground, several people are wearing white ponchos, their silhouettes visible against the bright, orange, and yellow sky. The sun is low on the horizon, creating a strong lens flare and illuminating the scene with a warm, golden light. The water reflects the colors of the sky.

# **CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**



fundación cidade  
da cultura de galicia



**XUNTA  
DE GALICIA**